

Narrativa

Un 5 de xuño en Madrid...

Rafael ADÁN RODRÍGUEZ

A calor madrileña a comezos do mes de xuño non deixaba pasar o tempo e a miña mente tiña que estar mergullada nos exames. O único que calmaba a abafante monotonía eran as melancólicas notas que Cesáreo facía saír da súa guitarra clásica. Os sons musicais resoaban no cuarto e con elas lembrábame das miñas arelas e ilusións por fuxir da casa e mais por vir estudar a Madrid para chegar a ser alguén de proveito. Ao mesmo tempo viñan ao meu maxín as miñas carreiras pola rúa do Gobernador abaixo ata a praza das Pitas para quedar cos meus compañeiros para ir xogar á praza Maior. Asemade estaba presente o acedo recordo de José María, meu pai, que quedaba diluído co agarimo da miña nai Petra. As acordanzas da miña nenez imbuían o meu pensamento e acompañado coa resonancia da guitarra de Cesáreo facíanme evadir da realidade de estudo na pousada.

A felicidade que lembraba polas corredoiras da miña vila natal non eran equiparables coas reminiscencias dentro da miña casa, onde predominaba a visión demoníaca do meu pai. Tentaba afastar da miña mente a pavorosa figura de José María.

Os meus pais eran dúas realidades que nada tiñan que ver: a submisión fronte á liberdade infantil. O manancial de agarimo da miña nai deixaba ancorado en alta mar o espírito do meu pai. Pero agora só quería ver a miña felicidade xogando á billarda na praza Maior, a carón do imponente mosteiro beneditino, e a sensación de alegría ao oír os berros da miña nai alá arriba ao me chamar para ir comer. Daquela deixaba todo o que estaba a facer e corría cara á miña casa para abrazar á miña querida Petra.

Ao mesmo tempo, nos meus alegres pensamentos xurdían as andanzas fóra da vila. Sobre todo os meus paseos polo val do Sorga. Semellaba que estaba vendo o sol agochándose sobre as ladeiras que dan acubillo ao val e oíndo o rechouchío dos seus paxaros. O seu chíó tamén

me facía lembrar os paxariños que tiña nas miñas gaiolas. Deixábaos saír de cando en vez para que fosen libres e non escravos dunha casa na que non vivían libremente. En certa maneira o vichelocrego, a pega, a torda ou o carrizo que tiña, e que despois deixaba fuxir, eran o espello da miña infancia. Co pensamento nos paxaros ceibes e coas melodías de Cesáreo esbocei un sorriso ao recordar que en Madrid chaman chochín ao carrizo.

O tempo detíñase co son soidoso da guitarra. Co día cheo de luz xa non pensaba nos exames da Universidade Central senón que todo se centraba en min e mais na miña familia que estaba na afastada Galicia. O acordo de meu pai era amargo por mor da súa exacerbada relixiosidade e do seu forte carácter que batían coas miñas ideas rebeldes. Da miña nai as memorias eran outras. Sempre se me amosaba deseñando un sorriso e coa súa perpetua cara alegre. Víaa co seu cabelo crecho e coas súas pernas cruzadas ao pé da lareira mentres preparaba o xantar. Mais eu ben sabía que ela era unha vítima máis naquel fogar déspota e violento. Ela sempre era comprensiva. A súa relixiosidade non se enfrontaba co meu anticlericalismo, por riba de todo estaba a nosa forte unión e o noso amor. Tamén nos unía o cariño cara os meus avós maternos, Pedro e Rosa.

As lendas que me contaron de neno a miña nai e a miña avoa Rosa conformaban na miña mente unha atmosfera idílica coa saudade da lagoa de Antela, coa lenda da asolagada cidade de Antioquía ou coas acordanzas da cidade de Cachiqumbra que tan próxima estaba no imaxinario á miña vila.

Igualmente me lembraba da Santa Compañía e dos meus soños onde nunha noite fría madrileña enxergaba a procesión das ánimas. Estas levaron o meu maxín ata o Madrid no que estaba vivindo e ela tivo un pequeno oco no meu pensamento, coas notas de Cesáreo sempre de fondo. Lembreime do cansazo da viaxe en carro-

mato ata Zamora e despois da miña chegada nocturna á Estación del Norte e coa primeira visión de Madrid. Nela sobresaían as escintilantes luces do Palacio Real así como o río Manzanares. A seguir viñeron a min a realidade da inestimable axuda económica de Modesto e do meu irmán Ricardo, xunto aos ambientes literarios madrileños que frecuentaba. Tamén as escapadas que facía con Cesáreo fóra da cidade coas visitas á praza Maior de Chinchón, co seu arrecendo a anís, ou os brancos que bebiamos nas adegas de Arganda del Rey e mais de Navalcarnero. Pero a miña afastada casa en Galicia volvía aínda con máis forza.

Mentres tiña a mente en Galicia e o corpo en Madrid miraba como as seis caravillas da guitarra de Cesáreo en movemento brillaban co sol que entraba pola ventá do cuarto. O seu reflexo cara ao infinito levábame a pensar nos galegos que estaban a emigrar cara América.

Mais o resoar das melodías de Cesáreo xunto cunha bafarada de ar quente fixeron que o meu maxín volvese á realidade da calor sufocante do cuarto da pousada e á miña realidade como estudante preparando os exames finais.

E despois de todo este ensarillado de recordos e aínda coa cadencia da guitarra de Cesáreo díxennlle apartando o libro:

- ¡Que melodía máis fermosa! ¿Onde a escoitaches?
- En ningures, estame a saír agora.
- Repíte eses compases e non os esquezas que lles
[vou poñer letra.

Entón a morriña da miña Celanova natal harmonizouse coas notas musicais, e na marxe do mesmo libro que estaba a repasar para o exame escribín:

N'o xardín unha noite sentada
ó refrexo d'o branco luar
unha nena choraba sin trégola
os desdés d'un ingrato galán

E Cesáreo ao escoitar o resultado dixo:

—¡Arre demo, Manuel, moi atinado pero queda
[mellor así!:

Unha noite n'a eira d'o trigo
ó refrexo d'o branco luar
unha nena choraba coitada
os desdés d'un ingrato galán

De seguido e sen pensalo dúas veces díxennlle:

—Cómpre que improvises unha segunda parte para a
[miña versión.

E non tardou en saír unha segunda melodía e o meu maxín volveu ata Celanova. Daquela, collín de novo o lapis e debaixo da primeira estrofa apuntei ao compás da guitarra:

Y-a coitada entre queixas decía:
xa n'o mundo non teño ninguén,
vou morrer e non ven os meus ollos,
os ollíños d'o meu doce ben.